

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 23 DE MAIO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorables.- -

- 65/05.- Josefina Gesto Cancela.- Legalización de ampliación de viv. unif. en Camiño dos Vilares núm.90.-
- 1057/05.- Josefina Gesto Cancela.- Legaliz. ampliación de soto executado na Rúa dos Vilares núm.90.-
- 39/05.- Eladio Méndez Casal.- Modificación de licencia de obras de construcción de galpón anexo á vivenda unifamiliar sita na Rúa da Mira núm.33.-
- 273/05.- Cancelas-Mallou de Vivendas Sociedade Cooperativa Limitada.- Legaliz. de modificación do acceso ó edificio executado na Unidade 4B3 do SUNP-3 de Cancelas-Mallou.-
- 2632/04.- Inmobiliaria Galicia 93, S.L.- Viv. unif. na parcela 746-1 en Lugar de Pena, Aríns.-
- 2631/04.- Inmobiliaria Galicia 93, S.L.- 3 Viv. unif. nas parcelas 552-A1, 552-A2, 552-A3 en Torrebranca-Aríns.-
- 2630/04.- Inmobiliaria Galicia 93, S.L.- Viv. unif. na parcela 746-2 en Lugar de Pena, Aríns.-
- 1086/05.- Construcciones Dianesa, S.L.- Derruba edificación sita na R/ Raxeira núm.48.-
- 1797/04.- Javier Suárez Alonso.- Viv. unif.no Lugar de Moas de Arriba.-
- 209/05.- Jesús Fernández García.- Viv. unif. no Lugar de Espiñeira.-
- 799/05.- Plácido Herminio Forján Porto.- Legaliz. ampliación executada en viv. uif. en Vilariño, Vilestro, parcela 417 D.-

5.- Proposta do Concelleiro Delegado de Festexos relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do deseño, montaxe e realización do espectáculo nocturno das Festas Patronais 2005 da cidade de Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do expediente de contratación do deseño, montaxe e realización do espectáculo nocturno das Festas Patronais 2005 da cidade de Santiago de Compostela cun tipo de licitación de 180.000 euros (IVE incluído).

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Réxime Interior relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a vixiancia da saúde dos traballadores municipais.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a vixiancia da saúde dos traballadores municipais cun tipo de licitación de 30.000 euros (IVE incluído).

8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á aprobacion dos pregos e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a publicación do Plan Xeral de Ordenación Municipal no portal web do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a publicación do Plan Xeral de Ordenación Municipal no portal web do Concello de Santiago de Compostela cun tipo de licitación de 30.000 euros (IVE incluído).

12.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á solicitude de retirada do quiosco sito na praza de Cervantes.

Acórdase estimar a petición de D. Francisco Ríos Seoane para retirar o quiosco ubicado na praza de Cervantes concedendo 10 días para a retirada deste quiosco dos elementos da súa propiedade así como ordear á Brigada de vías e obras o desmonte e retirada deste quiosco.

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do pavillón municipal de "Pío XII".

Atendendo a solicitude da ANPA "A Ferradura" do CEIP Pío XII acórdase a cesión gratuita do pavillón municipal de Pío XII o próximo 30 de maio, de 16.00 a 18.00 horas para o desenvolvemento dunha exhibición deportiva de clausura das actividades extraescolares.

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do pavillón municipal de Vite.

Atendendo a solicitude da Agrupación Deportiva Galaika acórdase a cesión gratuita do pavillón municipal de Vite o próximo 28 de maio, de 16.00 a 20.00 horas, para o desenvolvemento dun exame de paso de graos aberto a nenos e adultos da comarca que practiquen kárate.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do pavillón municipal "Apóstolo Santiago".

Atendendo a solicitude do CEIP Santiago Apóstolo acórdase a cesión gratuita do pavillón municipal Apóstolo Santiago os días 27 de maio pola tarde, e 28 e 29 de maio pola mañá, para o desenvolvemento dos actos do 50 aniversario da posta en funcionamento do devandito centro escolar.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do campo de fútbol de San Lázaro II para distintas actividades.

Atendendo a solicitude de Amancio Pena Torreira, en representación de Amio Sociedade Deportiva, acórdase a cesión gratuita do campo de fútbol de San Lázaro II o día 4 de xuño, de 16.00 a 20.00 horas, para o desenvolvemento dos actos do 40 aniversario desta entidade.

17.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do programa "Tempo libre de verán 2005".

Acórdase aprobar os programas de Tempo libre de verán 2005 que inclúe os programas "Barcelona Educa", "Valencia, cidade do Mediterráneo e "Estadía de educación ambiental no centro de desenvolvemento rural O Viso-A Limia" cun orzamento total de 56.997,78 euros.

19.- Proposta da Concelleira Delegada de Sanidade relativa á aprobación do proxecto da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos no refuxio de animais.

Acórdase aprobar a devandita ordenanza.

20.- Aprobación inicial da Modificación do plan parcial do solo urbano non programado nº 1 (SUNP-1) de Romero Donallo.

Acórdase aprobar inicialmente a Modificación do plan parcial do solo urbano non programado nº 1 (SUNP-1) de Romero Donallo.

21.- Aprobación inicial do Plan de sectorización do solo urbano non programado nº 26 (SUNP-26) de Munín

Acórdase aprobar inicialmente o Plan de sectorización do solo urbano non programado nº 26 (SUNP-26) de Munín